

PERSOAL

MLP/egp

Refª: convocatoria- bases específicas Licenciado dereito.doc

Asunto: conv. e bases específicas persoal funcionario Licenciado en dereito - q.l

DECRETO NÚMERO 720/2008 DO LIBRO DE RESOLUCIÓNS EN MATERIA DE PERSOAL Ó SERVIZO DA CORPORACIÓN, DITADAS POLO TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DE ÁREA.

**Ilmo. Sr. Don JOSÉ RÁBADE ARIAS, Tte. De Alcalde Delegado da Área de Réxime Interior e Protección da Comunidade.
Lugo, a dezaseis de setembro de dous mil oito.**

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 2.04.2008, aprobou a Oferta de Emprego Público para o ano 2008, publicándose no Boletín Oficial da Provincia número 90 de data 19.04.2008.

Asi mesmo, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 3.09.2008, aprobou as bases específicas para o acceso en propiedade a unha praza de licenciado en dereito pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre, incluída na referida Oferta de Emprego.

Polo exposto anteriormente, en virtude das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local, no artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e acordo número 1/877 do dito órgano de goberno, de delegación de atribucións, do 18.10.2004 e acordo número 3/533 de 20.06.2008, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Convocar o proceso selectivo mediante o sistema de oposición libre, para o acceso en propiedade a unha praza de licenciado en dereito pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre, que se rexerá tanto polas Bases Xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 18.06.2008, publicadas no BOP número 157 do 9.07.2008 e como polas bases específicas tamén aprobadas por dito órgano na sesión do 3.09.2008, que seguidamente se transcriben:

BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE LICENCIADO/A EN DEREITO PERTENCENTE Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE LIBRE.

1º.- **OBXECTO.-** Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario/a de carreira, a unha praza de licenciado/a en dereito, do cadro de persoal do Excmo. Concello de Lugo, en todo o que non estea previsto nas

PERSOAL

MLP/egp

Refª: convocatoria- bases específicas Licenciado dereito.doc

Asunto: conv. e bases específicas persoal funcionario Licenciado en dereito - q.l

"BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE".

O órgano competente da Corporación poderá adscribir ó/á aspirante nomeado/a, través do correspondente procedemento regulamentario, a calquera posto de traballo que, de acordo co seu grupo de titulación, teña asignadas funcións propias desta categoría profesional.

2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

- a) Denominación da praza: licenciado/a en dereito
- b) Grupo de titulación: GRUPO A (subgrupo A1)
- c) Outras características:
 - Escala: administración especial
 - Subescala: técnica
 - Clase: superior

3º.- SISTEMA SELECTIVO. O sistema selectivo será o de oposición.

4º.- TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO Á PRAZA:

Título de licenciado/a en dereito.

5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ó modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

Ás solicitudes de participación deberá xuntarse a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.
- b) Fotocopia compulsada da titulación esixida.
- c) Xustificante do ingreso dos dereitos de exame. Os interesados e interesadas deberán unirlle á solicitude o xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 18 € de acordo coa Ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo ós dereitos de exame co establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en calquera das oficinas de Caixa Galicia, no número de conta 2091 0152 26 3110001309.

De conformidade, así mesmo, co previsto no artigo 38 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o importe da taxa por dereitos de exame

PERSOAL

MLP/egp

Refª: convocatoria- bases específicas Licenciado dereito.doc

Asunto: conv. e bases específicas persoal funcionario Licenciado en dereito - q.l

poderá facerse efectivo mediante xiro postal ou telegráfico ou mediante transferencia á conta enriba sinalada.

O importe dos dereitos de exame só será devolto a quen non fose admitido por falla dalgún dos requisitos esixidos para tomar parte nas probas.

6º.- PROCESO SELECTIVO

As probas selectivas que deberán superar as persoas aspirantes á praza a que se refiren estas bases específicas son as seguintes:

A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO:

PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo de 90 minutos, dun tema extraído ó chou de entre os comprendidos no temario de materias comúns.

O temario de materias comúns intégrano 18 temas, e figuran na base décimo sexta das bases xerais xa mencionadas, que rexerán nos procesos para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ó cadro de funcionarios e persoal laboral do Concello de Lugo en quenda libre.

SEGUNDO EXERCICIO, teórico: desenvolvemento por escrito de tres temas extraídos ó chou, un de cada unha das partes en que se divide o temario de materias específicas. O tempo máximo para a realización deste exercicio será de tres horas.

TERCEIRO EXERCICIO, práctico: consistirá en realizar, durante un período máximo de 90 minutos, un suposto práctico que formulará o tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio, e que estará relacionado cos contidos do programa e coas funcións propias dos titulares destas prazas.

No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberá ou poderá ir provisto o persoal aspirante para a súa realización.

Os exercicios obrigatorios e eliminatorios cualificaranse de apto ou non apto, e deberá acadarse unha puntuación mínima de 5 para a súa superación. Os exercicios que obteñan a cualificación de apto serán puntuados de 5 a 10 puntos.

B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

Na realización deste exercicio e na súa valoración haberá que aterse ó disposto na base décimo cuarta letra C das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre.

A cualificación final de cada aspirante será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

7º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS

PERSOAL

MLP/egp

Refª: convocatoria- bases específicas Licenciado dereito.doc

Asunto: conv. e bases específicas persoal funcionario Licenciado en dereito - q.l

PRIMEIRA PARTE

Tema 1.- A posición da Administración ante o ordenamento xurídico: o principio de legalidade da actividade administrativa. Potestades regradas e discrecionais. O control do exercicio de potestades discrecionais.

Tema 2.- O acto administrativo. Concepto e clases. Elementos. Requisitos: motivación e forma. Os actos da Administración no réxime xurídico privado.

Tema 3.- Eficacia dos actos administrativos. Executividade. A notificación dos actos. A publicación de disposicións xerais e actos administrativos.

Tema 4.- Clases de interesados no procedemento. Dereitos dos cidadáns. O rexistro de documentos. Termos e prazos.

Tema 5.- Iniciación do procedemento administrativo. Ordenación. Instrución. Intervención dos interesados.

Tema 6.- Finalización do procedemento. A obrigação de resolver. Contido da resolución. A terminación convencional. O réxime do silencio administrativo. A desistencia e a renuncia. A caducidade.

Tema 7.- Os procedementos de execución. Os procedementos de revisión. A nulidade. A anulabilidade.

Tema 8.- Os recursos administrativos. Principios xerais. A suspensión da execución do acto recorrido. As reclamacións previas ó exercicio das accións civís e laborais.

Tema 9.- Principios do exercicio da potestade sancionadora. O procedemento sancionador.

Tema 10.- A xurisdición contencioso administrativa. A súa natureza, extensión e límites. Órganos e competencias. A Administración e a xurisdición ordinaria. Actos impugnables. Lexitimación.

Tema 11.- O procedemento en primeira ou única instancia. A sentenza: recursos contra sentenzas. A execución das sentenzas. Procedementos especiais.

Tema 12.- Lei de contratos do sector público. Ámbito de aplicación. Clases de contratos. Partes do contrato: órgano de contratación. Capacidade e solvencia do empresario. Prohibicións de contratar.

Tema 13.- Preparación dos contratos. Selección do contratista e adxudicación. A formalización dos contratos.

Tema 14.- Execución e modificación dos contratos administrativos. Prerrogativas da Administración. Extinción dos contratos. Cesión e subcontratación.

Tema 15.- A invalidez dos contratos públicos. A impugnación dos contratos públicos: o recurso especial en materia de contratación.

Tema 16.- A expropiación forzosa. Natureza e xustificación da potestade expropiadora. Os suxeitos da potestade expropiatoria. A "causa expropriandi".

Tema 17.- O procedemento expropiatorio xeral. Garantías xurisdicionais en materia de expropiación. A reversión.

PERSOAL

MLP/egp

Refª: convocatoria- bases específicas Licenciado dereito.doc

Asunto: conv. e bases específicas persoal funcionario Licenciado en dereito - q.l

Tema 18.- A responsabilidade da Administración pública. Presupostos. Efectividade da reparación para a súa esixencia.

Tema 19.- As formas de acción administrativa. O fomento e o seus medios. Análise especial das subvencións.

Tema 20.- A policía administrativa. Evolución do concepto. O poder da policía e os seus límites. Principios e medios de policía.

Tema 21.- Os modos de xestión do servizo público. A xestión directa e indirecta. A concesión.

Tema 22.- O dominio público. Concepto e natureza. Elementos. Clases. Afectación e mutacións demaniais.

Tema 23.- O réxime xurídico do dominio público. Uso e utilización do dominio público.

Tema 24.- A Lei xeral presupostaria. Estrutura e principios xerais. Dereitos e obrigas da facenda pública.

Tema 25.- Principios do ordenamento tributario español. Potestade tributaria orixinaria e derivada. A relación xurídico-tributaria. O feito impositivo e liquidable. Cota e débeda tributaria. Extinción da obriga tributaria.

SEGUNDA PARTE

Tema 26.- O réxime local español. Principios constitucionais. Especial análise do principio da autonomía local. A Carta europea da autonomía local.

Tema 27.- Fontes do ordenamento local. Lexislación estatal sobre réxime local. Lexislación autonómica sobre réxime local e as súas relacións coa estatal.

Tema 28.- Os entes locais de Galicia: natureza e características.

Tema 29.- Ordenanzas e regulamentos das entidades locais. Clases. Procedemento de elaboración e aprobación. Os bandos.

Tema 30.- Impugnación de actos e acordos das entidades locais e exercicio de accións.

Tema 31.- Relacións entre a Administración central, a autonómica e a local. Principios xerais. Fórmulas de cooperación, colaboración e coordinación. Técnicas de control. A disolución das entidades locais.

Tema 32.- Normativa de aplicación ás eleccións locais. Proclamación de membros electos das corporacións locais. Réxime de recursos. Perda da condición de membro da Corporación. Elección e destitución dos alcaldes, deputados provinciais e presidentes das deputacións provinciais. A cuestión de confianza.

Tema 33.- Estruturas supramunicipais. A comarca. As mancomunidades. As áreas metropolitanas.

Tema 34.- A provincia no réxime local: especial consideración das súas competencias en relación cos pequenos municipios na Lei de Administración local de Galicia.

Tema 35.- O municipio. Os réximes municipais especiais de Galicia.

PERSOAL

MLP/egp

Refª: convocatoria- bases específicas Licenciado dereito.doc

Asunto: conv. e bases específicas persoal funcionario Licenciado en dereito - q.l

Tema 36.- O termo municipal. Creación e supresión de municipios. Alteración de termos municipais.

Tema 37.- A poboación municipal. Consideración especial do veciño. O padrón de habitantes.

Tema 38.- A organización municipal. Distribución de competencias. Referencia ó réxime dos municipios de grande poboación.

Tema 39.- O Alcalde. Competencias. Forma de elección e cesamento. O libro de resolucións. Os concelleiros delegados.

Tema 40.- O Concello Pleno. Composición e competencias. A Xunta de Goberno Local. Composición e competencias. As comisións informativas e de seguimento.

Tema 41.- A organización do Concello de Lugo.

Tema 42.- Réxime de sesións e acordos das corporacións locais. Normas reguladoras. As sesións, as súas clases, requisitos e procedementos de constitución e celebración. Actas e certificacións.

Tema 43.- Autonomía local e competencias municipais. Cláusula xeral e servizos mínimos. As competencias locais e provinciais. Tutela xurídica da autonomía local: as vías de reacción contra actos, regulamentos e leis.

Tema 44.- Réxime da impugnación dos actos e acordos locais en caso de conflito coa Administración do Estado e da comunidade autónoma e exercicio de accións. Substitución e disolución das corporacións locais.

Tema 45.- O procedemento administrativo das entidades locais. As súas fases. Especialidades da publicación e notificación dos acordos da Administración local.

Tema 46.- Os recursos contra os actos das entidades locais. A revogación e a revisión do oficio. As reclamacións previas á vía xudicial ordinaria. A revisión dos actos administrativos pola xurisdición contencioso administrativa.

Tema 47.- A contratación local. Principios xerais e peculiaridades do réxime local. Clases de contratos e órganos competentes para contratar.

Tema 48.- Teoría da organización. Evolución da teoría da organización administrativa. Os conceptos tradicionais de organización e administración da planificación estratéxica. Técnicas e aplicación ós gobernos locais.

Tema 49.- A xestión de recursos humanos. Instrumentos de planificación. Selección, formación e avaliación dos recursos humanos.

Tema 50.- A función pública local e a súa organización. Clases de funcionarios. O persoal laboral. As relación de postos de traballo. Os cadros de persoal. A oferta de emprego público.

Tema 51.- Adquisición e perda da condición de funcionario. A selección de persoal. Provisión de postos de traballo. Situacións administrativas.

Tema 52.- Dereitos e deberes dos funcionarios locais. Réxime de incompatibilidades. Responsabilidade civil e penal do persoal ó servizo da Administración local. Réxime disciplinario.

PERSOAL

MLP/egp

Ref^o: convocatoria- bases específicas Licenciado dereito.doc

Asunto: conv. e bases específicas persoal funcionario Licenciado en dereito - q.l

Tema 53.- Os bens das entidades locais. Réxime de utilización dos de dominio público. Conservación e tutela dos bens.

Tema 54.- O servizo público da esfera local. Os modos de xestión dos servizos públicos. Consideración especial da concesión. As empresas municipais. Os consorcios. As sociedades anónimas interadministrativas.

TERCEIRA PARTE

Tema 55.- Adquisición da nacionalidade española. Nacionalidade de orixe e nacionalidade derivada. Perda da nacionalidade española. Recuperación da nacionalidade.

Tema 56.- A Lei orgánica 4/2000, do 1 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social. Estrutura e contido.

Tema 57.- Réxime xurídico da entrada e saída do territorio español. Puntos de entrada. Documentación esixida para acceder. Requisitos e prohibicións. O visado. Tipos de visados.

Tema 58.- Réxime xurídico das situacións dos estranxeiros en España. A Estancia. A residencia. Clases de permisos de residencia.

Tema 59.- Permisos de traballo. Tipo de permisos: o permiso de traballo por conta allea e permiso de traballo por conta propia. Permisos especiais. O continxente de traballadores estranxeiros.

Tema 60.- A potestade sancionadora en materia de estranxeiría. Principios sancionadores. Infraccións. Sancións aplicables. O procedemento administrativo sancionador en materia de estranxeiría. O retorno e a devolución. O internamento.

Tema 61.- Competencia estatal en materia de inmigración. Organización administrativa. As oficinas de estranxeiría. Órganos de consulta e asistencia en materia de inmigración.

Tema 62.- Competencias autonómicas e locais en materia de inmigración. Programas autonómicos para inmigrantes e emigrantes retornados. Participación pública do inmigrante na vida local.

Tema 63.- A Lei de servizos sociais de Galicia. Estrutura e contido.

Tema 64.- Os Servizos Sociais no Concello de Lugo. O Servizo Municipal de Atención a Inmigrantes e Emigrantes Retornados.

Tema 65.- Dereito de asilo. Efectos da concesión e da denegación. Revogación do asilo. O recoñecemento do estatuto de apátrida.

Tema 66.- O proceso de busca de emprego. A organización da busca. O proceso de selección de persoal, técnicas e instrumentos. Fontes de información estatística. Sistema de interpretación de datos.

Tema 67.- O contrato de traballo: concepto, elementos. Capacidade para contratar. Forma do contrato de traballo. Duración. Traballos excluídos e relacións especiais de traballo. O período de proba.

Tema 68.- Modalidades de contratación: aprendizaxe, en prácticas, a tempo parcial, etc. O traballo de mulleres, menores e estranxeiros.

PERSOAL

MLP/egp

Refª: convocatoria- bases específicas Licenciado dereito.doc

Asunto: conv. e bases específicas persoal funcionario Licenciado en dereito - q.l

Tema 69.- Dereitos e deberes do traballador. Promoción do traballo. Tempo de prestación. Xornada e horarios. Descansos.

Tema 70.- Prestación básica do empresario: salario. Concepto e clases. Lugar, tempo e forma de pagamento dos salarios. O salario mínimo interprofesional. Protección do salario.

Tema 71.- Modificación do contrato de traballo: mobilidade funcional, xeográfica e modificación das condicións de traballo. Suspensión do contrato. A extinción do contrato de traballo: modalidades. O despedimento.

Tema 72.- A xurisdición laboral. Organización. Competencias. O proceso laboral.

SEGUNDO.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da súa notificación, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo ou, á elección do interesado, ante o da circunscrición onde teña o seu domicilio. Malia o anterior, e con carácter previo e potestativo, poderá interpoñer recurso de reposición, no prazo de UN MES, contado dende o seguinte á notificación da presente resolución, sen prexuízo de que vostede interpoña calquer outro recurso que estime procedente en Dereito.

Cúmprase.